

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO

INFORMA

Que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruras abriu o prazo para solicitar a axuda económica denominada Bono de Alugueiro Social.

CONTIDO:

Trátase dun programa destinado a paliar os efectos dos desafiuzamento por non pagamento das rendas das vivendas alugadas. Consiste nunha axuda para afrontar o pagamento das rendas da vivenda habitual cando existe unha resolución xudicial de desafiuzamento por non pagamento, ou no caso de que o desafiuzamento fose executado, prestar unha axuda respecto ao novo contrato de alugueiro.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

1 Ter sido, parte en calidade de persoa arrendataria, dun procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas, derivado dun contrato de arrendamento de duración non inferior a 12 meses.

2 Que entre a presentación da solicitude da axuda e a data de notificación da resolución xudicial de terminación do procedemento de desafiuzamento por non pagamento de rendas non transcorreran máis de 3 meses.

3 Residir en Galicia durante polo menos 12 meses anteriores a data de solicitude

4 Estar ao día coas obrigas tributarias e non ter débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, Estatal e da Seguridade Social.

5 Que os ingresos ponderados da unidade de convivencia da persoa beneficiaria sexan inferiores a 1,5 veces o IPREM.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro, Tfno.: 981 688 950

HORARIO: Luns, martes, mércores e venres de 9:30 a 13:30. Previa cita

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 30 de novembro do 2015

MÁIS INFORMACIÓN: Orde do 7 de agosto do 2015, publicado no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 164 do 28 de agosto do 2015.

Oroso, 28 de agosto do 2015

O alcalde



Manuel Mirás Franqueira